



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E AS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA O COFINANCIAMENTO DA CONTRATACIÓN DOS INVESTIGADORES SELECCIONADOS AO AMPARO DA MODALIDADE 3: PROXECTOS DE I+D+i PARA MOZOS E MOZAS INVESTIGADORES SEN VINCULACIÓN OU CON VINCULACIÓN TEMPORAL NO MARCO DO PROGRAMA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN ORIENTADA AOS RETOS DA SOCIEDADE (convocatorias MEC 2014 e 2015).

MEMORIA XUSTIFICATIVA (segundo modelo Anexo á Circular nº 1/2016, do 15 de febreiro, da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación, pola que se editan instrucións en materia de convenios para aplicación da lei 1/2016, de 18 de xaneiro de 2016, de transparencia e bo goberno).

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (CONSELLERÍA) ten previsto formalizar coas universidades de Santiago de Compostela (USC) e de Vigo (UVIGO) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 17 de novembro de 2017, sen prexuízo de que se poidan atender accións realizadas desde a contratación efectiva do persoal seleccionado, ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a consellería, a USC e a UVIGO para promover proxectos de investigación dirixidos por mozos e mozas investigadores con traxectorias científicas relevantes pero sen vinculación laboral ou con vinculación temporal inferior a un ano.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase nun interese público, xa que a captación, formación e retención de talento supón unha área estratéxica do Goberno galego co fin de atraer e desenvolver os recursos humanos especialmente capacitados para os procesos de xeración de coñecemento, definindo unha carreira profesional que posibilita a formación e fomento da excelencia científica no sistema galego de I+D+I.

A captación do mellor talento científico e innovador e o apoio aos proxectos de investigación dirixidos por mozos e mozas investigadores son esencial para fortalecer o Sistema público de investigación galego, por iso a CONSELLERÍA promove o Programa de captación de talento, incentivando e apoiando a presentación aos programas máis competitivos das mellores candidaturas sen que o seu éxito comporte unha carga orzamentaria para a universidade, centro de investigación universitario ou grupo. Tendo ademais en conta que o éxito nestes programas, máis aló do retorno científico e económico que a persoa investigadora produza, supón un indicador de calidade para o organismo no que se incorpore e para o conxunto do sistema galego de I+D+i, e que así se recolle no Plan galego de financiamento universitario.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de contratos do Sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela a vinte e catro de novembro de dous mil dezasete.

(asinado dixitalmente)

